


PROGRAMA DE ACOLLIDA

IES VAL DO ASMA



XUSTIFICACIÓN

Este documento está elaborado en base ás Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

OBXECTIVOS

Facilitar a incorporación do alumnado durante o curso 2021/2022 coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

DATA DE PRESENTACIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

22/09/2021

PERÍODO DE APLICACIÓN

As dúas primeiras semanas do curso 2021/22

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Modifícanse os seguintes aspectos:

1.-Entradas:

Permitirase ao alumnado acceder ás aulas cinco minutos antes da hora de inicio da actividade lectiva (8:40h.), a medida da súa chegada, co fin de evitar aglomeracións e unha distribución máis axeitada dos tempos de entrada. O persoal dos autocares velará para que o alumnado abandone os mesmos escalonadamente e en orde.

O profesorado con sesión lectiva na primeira hora agardará na aula desde as 8:40h e o profesorado de garda desta sesión controlará os accesos ás aulas tamén desde esa hora.

2.-Saídas:

Na última sesión da mañá, haberá dous horarios de saída: os cursos con numeración impar sairán 5 minutos antes da finalización da xornada nos días impares; pola súa banda, os días pares, o farán os cursos con numeración par. O alumnado, respectando a distancia de 1.5 metros, acudirá directamente ao comedor, ou para a súa casa, sen pararse nin no interior nin na vía pública. O alumnado que teña que agardar pola segunda quenda de comedor, farao no patio, respectando a distancia de seguridade.

O mesmo procedemento se seguirá no tempo de lecer.

Estas quendas serán aplicadas ao alumnado todos os días agás os luns, que se rexerán polo que segue:

- ❖ Os luns, debido a gran afluencia de alumnado ao comedor porque hai clases pola tarde, se flexibilizan os horarios de saída a sexta hora da mañá para os grupos da ESO.
- ❖ En concreto, os grupos de 1º e 3º da ESO sairán ás 14:00h nos meses impares e os de 2º e 4º nos meses pares.

3.-Acceso ao cento

Haberá dúas portas:

- Peonil
- De vehículos

As persoas que desexen acceder ao centro de forma peonil, empregarán a porta correspondente, para o que chamarán ao videoporteiro.

O alumnado e resto de persoas que accedan á porta peonil deberán respectar en todo momento a distancia de seguridade e que, en caso de coincidir dúas persoas en distinto sentido, darase preferencia á que sae antes que a que vai entrar.

Horario de entrada:8:30-8:45h.

Ás 8:45h., o conserxe procederá ao peche de ámbalas portas, facendo necesario ter mando para a apertura da porta de vehículos, e empregar o videoporteiro para solicitar a apertura da porta de peóns.

Por motivos de seguridade non estará permitido que os peóns entren ou saian do centro pola porta reservada aos vehículos.

Durante o recreo as portas permanecerán pechadas, non permitindo o acceso ao público entre as 11:15h. e as 11:45h., para manter o control das instalacións debido a pandemia do Covid-19.

Ao inicio do tempo de lecer, debido á saída do recinto escolar tanto de profesores/as como de alumnos/as de bacharelato e ciclos formativos maiores de idade ou con autorización expresa de poder abandonar o centro, o profesorado de garda, asignado á zona da entrada, controlará a apertura da porta peonil de 11:15h. ata 11:20h. para a saída

do recinto, e de 11:40h. a 11:45h. para acceder ao centro unha vez finalizado o tempo de lecer.

4.-Gardas

- ❖ Garda de transporte: 2 profesores/as cada día.
- ❖ Gardas nas primeiras horas lectivas: habilitaranse 3 profesores/as de garda que, ademais das súas funcións habituais, vixiarán o acceso ao centro do alumnado que se retrase.
- ❖ Garda da última hora lectiva: habilitaranse 3 profesores/as de garda que ademais das súas funcións habituais, unha vez rematado o período lectivo controlarán a saída ordenada do alumnado.
- ❖ Resto de horas lectivas: establécense un mínimo de tres profesores/as de garda. Prestarán especial atención aos desprazamentos que se deban producir entre clase e clase.
- ❖ Durante os períodos lectivos, sempre que sexa posible, un/unha profesor/a de garda ubicarase no primeiro andar do edificio 1, planta baixa do edificio 1, e o/a último/a, na sala de profesorado.
- ❖ Gardas de lecer: sempre que sexa posible haberá 4 profesore/as de garda asignado/as aos seguintes postos:
 - 1 porta exterior
 - 1 cafetería-comedor
 - 1 pavillón
 - Zona de comer

5.-Comedor

LUNS

QUENDA	GRUPOS	HORARIO
1º quenda	1º e 3º ESO	de 14:00h a 14:25h
2ª quenda	2º e 4º ESO	de 14:40h a 15:05h
3ª quenda	alumnado do IES Lama das Quendas	De 15:20h. en diante.

Entre quenda e quenda haberá 15 minutos de ventilación do comedor.

RESTO DA SEMANA

QUENDA	GRUPOS	HORARIO
1º quenda	alumnado transportado	de 14:15h a 14:35h
2ª quenda	alumnado sen transporte	de 14:50h a remate .

6.-Recreos:

- ❖ Nos recreos todo o alumnado deberá abandonar a súa aula e dirixirse ao exterior.
- ❖ Non está permitido que os/as alumno/as coman ou beban no patio de lecer, debendo facelo no espazo habilitado para elo, en quendas e respectando as distancias de seguridade en todo momento.
- ❖ Cada semana se nomeará unha/un alumna/o encargada/o de recoller e levar ao comedor diariamente as peticións de petisco por parte do alumnado para que esté preparado no tempo de lecer.

B) ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

1.-EQUIPO COVID:

Este ano no centro formouse un equipo Covid formado por a persoa coordinadora (directora) e tres persoas máis, será o que se encargará de xestionar as posibles incidencias que poidan ocorrer.

2.-AULA COVID:

- ❖ Dous sofás de fácil limpeza e desinfección
- ❖ Ventilación
- ❖ Un bote de xel hidroalcohólico
- ❖ Desinfectante
- ❖ Panos desbotables
- ❖ Papeleira con pedal
- ❖ Máscaras cirúrxicas
- ❖ Termómetro

3.-NORMAS BÁSICAS:

- ❖ Os pais/nais/titore/as ou alumnado maior de idade deberán firmar unha declaración responsable na que se comprometen diariamente a comprobar que os/as seus fillos/as non teñen sintomatoloxía realizando a enquisa.
- ❖ Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os/as proxenitores/as ou titores/as non enviarán ao alumno/a á clase, comunicarán ao centro e solicitarán consulta co seu facultativo/a ou pediatra.

- ❖ Se os síntomas apareceran no centro, o alumnado será trasladado á aula Covid e chamarase ás persoas responsables para que contacten co/a seu/súa facultativo/a.
- ❖ Obriga de máscara. Todo o alumnado do centro deberá levar a máscara, debidamente colocada, en todo momento; só se poderá sacar a máscara no momento do comedor, cando todo/as estean sentados e durante o tempo necesario para a comida.
- ❖ O alumnado deberá traer unha máscara de reposto e un estoxo para gardala. O centro dará ao alumnado información do seu correcto uso.
- ❖ Está prohibido comer e beber fóra da zona habilitada para elo; no tempo de lecer habilitaranse espazos destinados a tal fin para que o alumnado poda facelo en condicións de seguridade.
- ❖ De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros sendo de **1,2m nas aulas**, nos corredores e patio.
- ❖ Os postos asignados ao alumando serán fixos durante todo o curso e estarán espaciados respectando a distancia de seguridade.
- ❖ O alumnado colgará os seus abrigos na súa cadeira, para evitar o contacto coa roupa das demais persoas.
- ❖ No centro existen dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas dos edificios e en cada unha das aulas e talleres; o alumnado debe desinfectar as mans á entrada e saída do edificio e cada vez que entre ou saia de cada aula. Asemade, cada aula conta con:
Un bote de xel, un desinfectante de superficies e panos desbotables. Cada alumno/a deberá desinfectar o seu posto ao abandonar a aula.
- ❖ Os **baños** só poderán ser usados por **unha persoa** simultaneamente; o alumnado desinfectará as mans ao entrar e saír dos mesmos.
- ❖ O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún do/as seus/súas compañeiro/as. Nas aulas ou no propio pupitre, existe un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outro/as compañeiro/as. Este ano sí se poderá usar material colectivo por parte do alumnado debendo extremas as medidas de ixiene e desifección.
- ❖ As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado .
- ❖ As aulas serán ventiladas por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, e 5 minutos no medio de cada sesión, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.
Recoméndase polo tanto, que o alumnado veña con roupa de abrigo.
- ❖ Nos corredores e escaleiras o alumnado circulará pola dereita, evitando tocar paredes e pasamáns e mantendo en todo momento unha distancia de 1,5 metros. O centro posúe sinalización no chan indicando as direccións de circulación.
- ❖ Os/as proxenitores/as non poderán acceder ao centro educativo ás horas de entrada e saída do alumnado, nin durante os períodos de lecer ou nos intercambios de clase.
- ❖ Non se permite que o alumnado, á saída, quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.

5.-USO DE AULAS ESPECÍFICAS

CLASE DE MÚSICA

- ❖ Non se recomenda, por non poder garantir a distancia requerida, o uso de frauta nin outro instrumento de vento, nin exercicios de canto a menos de 3 metros.

AULAS DE INFORMÁTICA

- ❖ As aulas de informática contan cun desinfectante para o hardware (CPU e periféricos) de aplicación directa que deberán ser usados cada vez que o alumnado e o profesorado comence e rematen o seu uso.

XIMNASIO

- ❖ No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.
- ❖ Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios/as alumnos/as e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso.

VESTIARIOS

- ❖ O alumnado fará uso do vestiario, en caso de ser necesario, por quendas, respectando o aforo do local.
- ❖ Entre quenda e quenda deberán desinfectar os postos usados para garantir a seguridade; estas tarefas serán realizadas polo alumnado con supervisión da profesora de Educación Física.
- ❖ O material e roupa de cada alumno/a deberá gardarse na súa mochila, que será pendurada nos postos asignados a cada alumno/a.
- ❖ En todo o momento o alumnado deberá ter a máscara posta.
- ❖ O alumnado deberá traer a roupa de deporte posta da casa.
- ❖ O alumnado deberá desinfectarse as mans antes e despois de usar os vestiarios.
- ❖ Non está permitido o uso das duchas.
- ❖ Para o vestiario dos talleres de automoción se estará ao disposto no protocolo de seguridade realizado polo Departamento de Automoción.

6.-TRANSPORTE

- ❖ Co fin de evitar esperas innecesarias por parte do alumnado, os buses chegarán ao centro coa maior puntualidade posible.
- ❖ Os/as alumnos/as descenderán dos buses de xeito ordenado e acudirán inmediatamente á súa aula por onde se lles indique, respectando sempre a distancia de seguridade de 1.5 metros.
- ❖ Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.
- ❖ Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade

- ❖ Sempre que fose posible e se fose necesario ocupar todas as prazas, os/as alumnos/as serán sentados/as por cursos académicos e, dentro destes por proximidade de postos na aula.
- ❖ Os/as acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todas as persoas ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.
- ❖ **Non está permitido comer nin beber nos autobuses.**

C) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL

- ❖ Realizar unha enquisa ao alumnado sobre a dispoñibilidade de recursos (ordenador, tablet, internet,...) no seu domicilio.
- ❖ Explicar a planificación e metodoloxía de cada materia, e o seu funcionamento para aula virtual do centro, segundo corresponda.
- ❖ Realizar a inscrición e matrícula nas distintas materias da aula virtual correspondentes a cada nivel/curso.
- ❖ As demais que se establezan no Plan de Contonxencia do centro.

D) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN

- ❖ Actividades grupais ou individuais para diminuír os temores e ansiedades do alumnado ante a enfermidade.
- ❖ Actividades grupais ou individuais para evitar a exclusión ou intimidación cara a persoas que poidan estar expostas ao virus.
- ❖ Identificar e apoiar ao alumnado que mostre signos de angustia.
- ❖ Coñecer a situación e evolución de todo o alumnado NEAE, así como coñecer a situación das familias e a súas inquedanzas a nivel educativo
- ❖ Tamén se está a valorar por Vicedirección e Orientación dentro do marco do programa *Eduemociona* uns cursos de formación para profesorado para a aprendizaxe da xestión de emocións e de prevención do estrés derivado desta situación.
- ❖ Dentro do marco dos Plans Proxecta e Contratos Programa o centro ten previstas diversas actividades que implementan accións concretas de mellora dos aspectos emocionais, sociais e de cohesión do alumnado.